

SINALAMENTOS INDEXICAIS E RELACIÓNIS ENTRE VARIEDADES LINGÜÍSTICAS EN GALICIA

VICTORIA VÁZQUEZ ROZAS & MONTSERRAT RECALDE

Universidade de Santiago de Compostela

A conciencia reflexiva dos falantes sobre o valor semiótico dos usos das linguas (*conciencia metapragmática*, cf. Silverstein 1979, 2003) está estreitamente relacionada coas ideoloxías lingüísticas compartidas pola comunidade lingüística e rationalizadas a través do discurso. No noso contexto cultural, o status sociopolítico que serve de base para a configuración das ideoloxías lingüísticas identifícase cos denominados *réximes da estandarización* (Gal 2018), baixo cuxa influencia se van deseñando os procesos de indexicalización das variedades lingüísticas. As variábeis más sobresalientes etnopragmaticamente son as que tenden a funcionar como índices das posicións, identidades e relacións sociais, e a ser mencionadas explicitamente polos falantes no discurso. Ao mesmo tempo, estas variantes poden acumular sinalamentos semióticos, que se organizan xerarquicamente (Silverstein 2003; Blommaert 2008) e compiten entre si dentro de campos de indexicalidade (Eckert 2008) mudábeis e fluídos, procesos que motivan o cambio lingüístico.

O obxectivo desta presentación é identificar os valores indexicais das variedades lingüísticas (do galego e/ou do español) que emerxen do discurso dos falantes entrevistados para a formación do corpus ESLORA, as categorizacións sociais relevantes derivadas deles e as bases ideolóxicas sobre as que se substentan.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Eckert, Penelope. 2008. Variation and Indexical Field. *Journal of Sociolinguistics* 12/4, 453-476.
- Blommaert, Jan. 2007. Sociolinguistic and Discourse Analysis: Orders of Indexicality and Policentrism. *Journal of Multicultural Discourses* 2 (2), 116-130. DOI: 10.2167/md089.0.
- Gal, Susan. 2018. Visions and Revisions of Minority Languages. Standardization and Its Dilemmas. En Pia Lane, James Costa e Haley De Corne (eds.), *Standardizing Minority Languages. Competing Ideologies of Authority and Authenticity in the Global Periphery*. 222-242. Nova York: Routledge.
- Silverstein, Michael. 1979. Language Structure and Linguistic Ideology. En Paul R. Clyne, William F. Hanks e Carol L. Hofbauer (eds.), *The Elements: A Parasession on Linguistic Units and Levels*. Chicago: Chicago Linguistic Society / University of Chicago, 193-247.
- Silverstein, Michael. 2003. Indexical Order and the Dialectics of Sociolinguistic Life. *Language and Communication*, 23, 193-229.